

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto Decreto 2019-0339 de data 04 de febreiro de 2019 mediante o que se resolve aprobar unha nova convocatoria para a presentación de instancias na categoría de Profesor de Música, na especialidade de Piano segundo as bases aprobadas por Xunta de Goberno de data 20 de marzo de 2017, co fin da confección da lista de contratacións para a devandita praza, acordando unificar a lista resultante do proceso selectivo coa xa existente, dando lugar a unha soa lista de substitucións na categoría de profesor de música, especialidade piano.

Visto que con data 03 de xullo de 2019 se aproba a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as na categoría de profesor de música, especialidade de piano, o 23 de xullo de 2019 se procede á constitución do Tribunal do citado proceso selectivo co obxecto da valoración curricular de méritos dos/as aspirantes, elaborando como resultado a Acta final de puntuacións.

En base as competencias establecidas pola Lei 7/85 Reguladora de Bases do Réxime Local,

### RESOLVO

**Primeiro.-** Unificar as listas resultantes dos procesos selectivos de profesor de música, especialidade piano, nunha soa lista de substitucións, na que a orde de prelación final virá determinada pola puntuación obtida por cada aspirante en calquera dos dous procesos, tal como a continuación se indica:

APELIDOS	NOME	DNI	FORMACIÓN (TOTAL)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (TOTAL)	TOTAL
LINKE PENKINA	EKATERINA	*****203M	2,5	5	7,5
POLO INFANTE	CARLOS JAVIER	*****485V	4	2,8	6,8
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ	MIRELLA	*****420Q	4	2,8	6,8
SERRANO FERNÁNDEZ	SAMUEL HELAMÁN	*****202V	4	2,4	6,4
SENN LOZOYA	ANA M <sup>a</sup>	*****761Q	4	0	4
ABREU SEOANE	JORGE	*****069S	4	0	4
ÁLVAREZ PINO	VANESA	*****222N	4	0	4
JUSTO ROMÁN	TANIA	*****158G	1,6	2,3	3,9
OUTÓN GESTIDO	NATALIA	*****149R	3,25	0,35	3,60
HERNÁNDEZ VIDAL	JORGE	*****996V	2,8	0	2,8
FERNÁNDEZ GAYOSO	ANA	*****844Z	1	0,3	1,3



**Segundo.-** Visto que se trata da fusión dunha nova lista cunha xa existente, á hora de facer os chamamentos se terá en conta a aqueles/as candidatos/as pertencentes á lista anterior e o estado no que se atopan nestes intres.

**Terceiro.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web: [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal).

**Cuarto.-** Contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro do Concello, e na paxina [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal), ao abeiro do establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo.

Ponteareas, documento asinado electronicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez

